



# XOVES

## I+D+i

Estimados/as amigos/as:

Dende a Axencia Galega de Innovación queremos informaros de que a **Enterprise Europe Network (EEN)**, da que GAIN forma parte a través do Consorcio **Galactea-Plus**, vai elaborar un **Catálogo** cos perfís de entidades interesadas en participar nas **convocatorias 2016-2017 do Reto social 2 (SC2) "Food security, sustainable agriculture and forestry, marine and maritime and a inland water research and the bioeconomy"** do HORIZON 2020.

Esta actividade forma parte das accións que se levan a cabo dentro do **Grupo Sectorial Agrofood**, no que participan 63 nodos da EEN de 24 países da UE e asociados.

A data prevista de publicación da primeira versión do Catálogo Agrofood é a **principios do mes de outubro**. O catálogo difundirase entre os socios da EEN participantes do grupo, que posteriormente o divulgarán entre entidades das súas rexións. Por todo o exposto, esta iniciativa representa unha boa oportunidade para dar visibilidade ás entidades galegas a nivel europeo.

Todas aquelas entidades interesadas en participar no catálogo, deberán cubrir un formulario por cada topic de interese e/ou idea de proxecto:

- **Profiles\_form\_H2020\_2016**: dirixido ás entidades interesadas en difundir as súas capacidades de I+D para participar como socios en propostas de determinados topics do Reto Social 2 (SC2).
- **Partner\_search\_H2020\_2016**: dirixido a aquelas entidades interesadas en liderar ou desenvolver un proxecto específico para a

convocatoria do Reto Social 2 (SC2).

Os formularios cumprimentados deberán enviarse ao enderezo de correo electrónico [galactea.gain@xunta.es](mailto:galactea.gain@xunta.es) antes do 18 de setembro de 2015.

Esperamos contar coa vosa participación nesta iniciativa. Para calquera dúbida ou cuestión, estamos á vosa disposición a través do teléfono 981 33 71 46 ou en [galactea.gain@xunta.es](mailto:galactea.gain@xunta.es).

Agardando que esta información sexa do teu interese, despedímonos até o próximo xoves!



Se non desexa recibir este boletín, pode vostede darse de baixa pinchando aquí. Para calquera dúbida ou consulta, pode escribir un correo a [infor.ma.gain@xunta.es](mailto:infor.ma.gain@xunta.es).